

TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal do concello de Verín
Promotor: Concello de Verín
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2021AAE2580

O día 24.06.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Verín no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do "Plan xeral de ordenación municipal do concello de Verín". Achegaba un documento inicial estratéxico e un borrador do planeamento.

O 26.07.2021 este órgano ambiental requiriu ao Concello que presentase diversa documentación para poder iniciar o procedemento. O 20.09.2021 recibíuse a documentación achegada polo Concello en resposta ao dito requirimento, e o 20.10.2021 validouse que a documentación estaba completa.

Unha vez avaliada a documentación e considerando que:

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento que desenvolve a dita Lei do solo (RLSG).
2. O artigo 46.1.b) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica os plans xerais de ordenación municipal.
3. A LSG establece tamén que, antes de emitir o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o órgano ambiental consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).
4. Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública no portal web deste órgano ambiental por un **prazo de trinta días hábiles** o documento inicial estratéxico e o borrador do *Plan xeral de ordenación municipal do concello de Verín*.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto coas respostas ás consultas realizadas, e farase público no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021